


En confianza



Paixón polas letras

María Canosa Blanco, enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, sente a necesidade de escribir todos os días para desconectar da rutina diaria. É autora da novela infantil-xuvenil "O papaventos de Laura", coa que gañou o premio literario "Pura e Dora Vázquez". Recoñece que pasouno moi ben escribindoa e que cada día erguíase unha hora antes do que necesitaba para ir a traballar, para poder escribir.

MARÍA RODRÍGUEZ. OURENSE
maria.rodriquez@larregion.net

María Canosa foi eleixida polo xurado como gañadora da VIII edición do certame literario "Pura e Dora Vázquez", na súa modalidade de narración coa obra infantil-xuvenil "O papaventos de Laura". O texto ten un final educativo, é dinámico, rico e inxenioso.

Cando xurdiu a súa paixón polas letras?

-Nin o lembro, vin ler os meus pais dende que teño memoria. Os libros sempre ocuparon un lugar preferente na miña casa. Supoño que a paixón pola lectura sempre andou entre nós, sen decatarnos. Do que si estou segura é de que non concibo o día a día sen libros polo medio. Máis que unha paixón é unha necesidade.

PERFIL

Nome

María Canosa Blanco

Lugar de nacemento

Cee (A Coruña)

Profesión

Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos


Outras actividades

Gañadora do premio "Pura e Dora Vázquez" coa novela "O papaventos de Laura"

Como compaxina a vida familiar e laboral coa escritura?

-Pois é complicado e sinxelo a un tempo. Ao traballar mañá e tarde, a verdade, é que queda pouco tempo para o resto das actividades, entre elas a escrita, polo que resulta un tanto complexo tirar tempo durante o día para escribir. Por sorte, non son unha escritora demasiado metódica, escribo (entendendo como tal crear unha historia) cando o corpo mo pide, así que de cando en cando organizo-me para enfiar letras. Realmente escribo sempre porque é inevitable tomar notas e facer pequenos apuntamentos continuamente. O sinxelo vén no momento en que a escrita non ten nada que ver coa miña faceta laboral, polo que desconectar e desafogar (un

En confianza

**Coa venia**

1. Nome completo, data e lugar de nacemento.
- María Canosa Blanco. 20 de agosto de 1978. Cee (A Coruña).
2. Unha manía.
- A orde.
3. Un lugar para perderse.
- Preto do mar.
4. Unha viaxe pendente.
- Moitísimas.
5. Un deseo.
- A tranquilidade interna.
6. A canción da súa vida.
- Non teño, pero a que máis emocións me trouxo foi "Unchained Melody", bailando co meu pai.
7. Un libro sobre a súa me-
siña de noite.
- Hai máis de un, pero po-
de lerse o título de "Ollos
de auga" no superior.
8. Un artista ao que ad-
mire.
- A Castelao.
9. Vostede defínese como...
- Unha persoa íntegra.

dos aspectos positivos que ten para min escribir) aparecen de xeito natural.

É a primeira vez que se presenta a este galardón?
- Sí.

Alguén animouna?

- Pois a verdade é que, para este concreto, non, pero si que houbo persoas achegadas que levaban un tempo animándome a presentarme a algún concurso.

De que fala "O papaventos de Laura"?

- É unha novela infantil-xuvenil, cunha historia das de sempre, pero cunha nova visión. Agora que as tendencias literarias parecen que se decantan por ambientar os relatos en lugares e épocas

"Non concibo o día a día sen libros polo medio, máis que unha paixón é unha necesidade"


distantes, a min apetecía-me argallar unha historia como as que eu lía cando era pequena, con novas ideas, pero ambientada do mesmo xeito que me gustaban a min cando tiña esa idade. Por outra banda, é un pequeno canto á constancia e perseverancia, valores que hoxe en día están menos en auxe, debido á diversidade que oferta a sociedade.

Identifícase con algún personaxe?

- Agora mesmo non, pero identifícome relativamente coa protagonista cando tiña a súa idade.

Cando publicárase a obra?

- Unha vez que se falle o premio de ilustración, supoño que alá pola primavera.

OS SEGREDOS DE...

1. Bolígrafo (leva sempre por se precisa tomar algunha nota). 2. Libro (o seu mellor compañeiro de viaxe). 3. Pendentes (non sae de casa sen eles, ten moitos). 4. Anel (fixollo o seu pai). 5. Gafas (úsasas dende que era unha nena).